

PLAN DIXITAL

CPR PLURILINGÜE SEI SAN NARCISO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** CPR PLURILINGÜE SEI SAN NARCISO
- **Dirección:** Pontevedra, Marín, Lugar Chan do Monte, 27
- **Correo web:** cpr.sannarciso@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** www.colexiosannarciso.org
- **Etapas educativas:** Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e FP

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso está localizado na parroquia marinense de Mogor, no lugar do Chan do Monte, a escasos 5 minutos do centro da localidade. A distancia á capital de provincia de Pontevedra son 10 km escasos.

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso pertence ó concello de Marín, unha localidade mariñeira, situada na Península do Morrazo ao sur da provincia de Pontevedra e que ocupa unha extensión de 36 Km². A poboación –segundo o censo do INE do ano 2021– de 24.248 habitantes.

Servizos e pesca son os sectores de actividade económica principais do concello. Así, o seu porto pesqueiro, dependente de Portos do Estado, tanto a nivel rexional (o terceiro de Galicia en volume de negocio e só por detrás de Vigo e A Coruña) como a nivel nacional.

Ademais, Marín ten o privilexio de contar coa única Academia Militar da Armada, onde ten lugar a formación militar e universitaria duns 600 alumnos e alumnas aproximadamente. A Escola Naval Militar de Marín é, por tanto, outro dos motores económicos da vila.

Cabe reseñar igualmente, aínda que non estea situada no Concello (pertence ó Concello de Pontevedra), a vinculación laboral de Marín coa industria de ENCE, dedicada á fabricación de celulosa. Moita poboación de Marín depende directa (como traballadores) ou indirectamente (como empresas auxiliares) da actividade de esta empresa que factura ó ano uns 800 millóns de euros aproximadamente (4º trimestre do 2021)

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso comezou a súa actividade en 1926, nunhas instalacións situadas no centro de Marín, propiedade da Congregación dos Padres Paúles. Posteriormente, no ano 1976 construíron as instalacións actuais dende onde imparten docencia ata a actualidade. A xestión do centro sempre tivo un talante católico vicenciano, se ben, actualmente o centro pertence ó Grupo de Colexios SEI (8 colexios en Madrid e o noso), grupo empresarial que se define como laico, aconfesional e apolítico. Dos cerca de 700 alumnos que cursan estudos no CPR Plurilingüe SEI San Narciso, un 65% procede na súa maioría de Marín e o 35% restante procede das localidades do entorno Pontevedra, Poio, Combarro, Bueu e Cangas. Como consecuencia da impartición de ciclos de formación profesional tamén temos alumnos doutras

localidades mais lonxanas coma Vilagarcía, O Grove, Vigo, Nigrán, A Cañiza, Cuntis, etc... Ademais, a existencia do servizo de residencia no propio centro, permite que alumnos que viven a moita distancia en tempo co colexio, poidan facer uso dela.

O nivel económico das familias é medio con estabilidade laboral dos membros das mesmas, nos que na maioría traballan pai e nai. No caso de ensinanzas privadas podemos falar dun nivel económico medio alto.

O plan dixital (PD) de centro forma parte do proxecto educativo de centro (PEC). Os obxectivos do plan dixital de centro atópanse estreitamente relacionados cos demais plans e proxectos do centro.

- O PD contribúe a unha mellor comunicación coas familias, polo que está estreitamente relacionado co Plan de Acción Titorial.*
- Un dos obxectivos do PD é a individualización do proceso de aprendizaxe mediante o uso de novas formas de ensinanza e de avaliación, polo que está estreitamente relacionado co Plan de Atención a Diversidade.*
- O Plan de Acción do plan dixital para o seguinte curso consiste en unha serie de accións para mellora do centro a nivel dixital que debe estar enmarcada na Programación Xeral Anual.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa relativa o plan dixital do centro e a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital correu a cargo do equipo directivo do centro no curso 21/22. Seguíronse os seguintes pasos:

- 1º PASO: Análise da situación do centro por medio do cuestionario SELFIE.*
- 2º PASO: Análise da competencia dixital docente.*
- 3º PASO: Análise DAFO para detectar necesidades.*
- 4º PASO: Establecemento dos obxectivos do Plan de Acción.*

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** o centro dispón de acceso físico á rede dende todas as aulas e edificios do centro. Ata principios do 2021 o centro non contaba con acceso á rede de fibra polo que a conectividade era moi limitada, garantizada para a Secretaría do centro e moi lenta ou inexistente para o resto de dependencias do centro. O centro ten a miúdo problemas de conectividade na rede Wifi.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
 1. Aulas dixitalizadas: a dotación “dixital” das aulas do centro está composta na súa maioría por: ordenador de sobremesa con teclado e sen pantalla, proxector e pantalla – estor onde proxectar.
 2. Proxecto edixgal: o centro non participa neste proxecto.
 3. Equipos de xestión e administración: existen tres equipos (dous de sobremesa e un portátil) para este servizo.
 4. Biblioteca: actualmente nun proxecto de actualización, mellora e posta en marcha, sen equipos informáticos.
 5. Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: na sala de profesorado hai 1 equipo.
 6. Equipos ultraportátiles para aula móbil: non se dispón de equipos ultraportátiles.
 7. Aulas de informática: o centro ten unha aula de informática no centro operativa, con 25 postos.
 8. Dotacións para proxectos específicos: non constan.
- **Servizos dixitais educativos:** no centro úsanse os principais servizos dixitais educativos proporcionados pola administración:
 1. Alexia familias: para comunicarse coas familias
 2. Xade: servizo de xestión académica do centro educativo.
 3. Páxina web do centro.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** actualmente no centro hai un profesor cunha pequena dedicación horaria (2 horas) para o mantemento do equipamento informático do centro.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:**
Plan de continxencia

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: no curso 21/22 levouse a cabo no centro unha autoavaliación usando a ferramenta SELFIE que mostrou os seguintes resultados:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,2	2,6	3	3	
	Profesorado	2,8	3,7	3,3	3,6	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3	2,7	3,7	3,3	
	Profesorado	2,3	3,1	3,3	3,3	
	Alumnado	3,8	2,8	2,5	1,9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,1	3,7	4,1	4	
	Profesorado	2,3	3,3	3,6	3,9	
	Alumnado	3,6	2,8	2,5	2,1	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	1,7	2,4	2,7	2,8	
	Profesorado	2,5	3,2	2,9	3,2	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3	3,7	4	3,8	
	Profesorado	3,8	4	4,3	4,6	
	Alumnado		3,2	3,4	2,9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3	3,3	3,4	3,7	
	Profesorado	2,9	3,8	3,9	3,9	
	Alumnado	3,4	2,7	2,5	2,4	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5	3,1	3,2	3,4	
	Profesorado	2,7	3,2	3,1	3,3	
	Alumnado		2,3	2,3	2,2	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9	4	4,3	4,4	
	Profesorado	2,7	3,9	4,2	4	
	Alumnado	3,6	3,1	2,7	2,1	

Test CDD: no curso 21/22 levouse a cabo no centro unha autoavaliación por parte do profesorado da súa competencia dixital usando a ferramenta Test CDD da Consellería de Educación que mostrou os seguintes resultados:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	44	47	93,6 %
PROVISIONAL	0	0	0 %
INTERINO	0	0	0 %
SUBSTITUTO	1	4	25 %
DESPRAZADO	0	0	%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64,1	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
FP	65,4	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
BAC	115	Experto/a (B2)	75,4	Integrador/a (B1)
ESO	75,5	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
PRIM	58,7	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,2 %
A2	24	53,3 %
B1	14	31,1 %
B2	6	13,3 %
C1	0	0,0 %
C2	0	0,0 %
TOTAL	45	99,90%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Un aula de informática con 25 postos	1. Equipos de aula antigos e con problema de funcionamento. 2. Conexión recente á fibra todavía non extendida a todo o centro. 3. Dúas pizarras dixitais en dúas aulas.
	PERSOAL DOCENTE	1. Un profesor docente encargado do mantemento 2. Moitos profesores usan recursos educativos en liña. 3. Uso xeralizado da plataforma ALEXIA	1. Unha parte importante do profesorado non avalía por medios dixitais. 2. Escasa colaboración entre profesores e intercambio de experiencias.

		3. Escaso fomento da autoreflexión sobre o aprendizaxe.
PERSOAL NON DOCENTE	1. Persoal de oficina competente TIC	
ALUMNADO	1. A maior parte do alumnado ten acceso a dispositivos dixitais nas súas casas.	1. O alumnado non ten a súa disposición no centro dispositivos dixitais salvo nas aulas de informática.
FAMILIAS	1. A maior parte das familias están acostumadas a comunicarse e recibir información por medios telemáticos. 2. Boa colaboración por parte das familias. 3. Uso xeralizado da plataforma ALEXIA	
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Uso de medios dixitais para a organización interna do centro : comunicacións, rexistros, etc.	1. Persoal do centro con pouca capacidade para arranxar problemas técnicos. 2. Externalización do mantemento.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. A administración educativa está interesada en promover a dixitalización dos centros a través dos fondos NEXT GENERATION 2. A posta en marcha do plan dixital.	1. Aumento da burocracia. 2. Falta de tempo para explorar o aprendizaxe dixital. 3. O plan de formación do profesorado que ofrece a oportunidade de formarse ao profesorado con insuficientes competencias TIC só está destinado ao persoal de centros públicos.
	LEXISLACIÓN		1. A lei de protección de datos limita moito as ferramentas dixitais que se poden utilizar.
	CONTORNA		
	ANPA	1. A ANPA do centro mostrase receptiva e colaboradora as propostas do centro.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

O Plan de Acción anual consiste nas accións que se levarán a cabo cada curso escolar para cumprir cos obxectivos do PD.

O Plan de Acción se establece a partir das necesidades e recursos dispoñibles detectados no curso de elaboración 21/22, e será modificado anualmente segundo a evolución da consecución dos obxectivos e dos recursos dispoñibles.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizada a análise DAFO identifícanse as áreas de mellora prioritarias xunto coas debilidades e fortalezas do centro.

Isto permiten fixar uns obxectivos para o curso académico actual, que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Os obxectivos e as accións necesarias para cumprimentar ditos obxectivos, así como a súa secuenciación e indicadores de consecución establécense nas seguintes táboas.

Infraestrutura e equipo:						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar a calidade da rede wifi no centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Administración				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número aulas conectadas á fibra					
Valor de partida (3)	0 aulas sen conexión					
Valor previsto e data (4)	100% das aulas conectadas			31 de outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Instalación do RACK central	Administración	30 de agosto de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Instalación do RACK en Primaria	Administración	30 de setembro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Instalación do RACK en Secundaria	Administración	30 de setembro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4:Cableado dende o RACK a cada aula e posta en	Administración	14 de outubro de 2022			Realizada	
					Aprazada	

marcha

Pendente

Pedagogía: apoios e recursos						
2. OBXECTIVO (1):	Dixitalización de aulas				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de aulas dixitalizadas con pantalla dixital.					
Valor de partida (3)	0% de aulas dixitais					
Valor previsto e data (4)	75 % de utilización polo profesorado.			31 de xaneiro de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Solicitud de orzamentos para dixitalizar aulas	Administración	30 de setembro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Compra de elementos dixitais	Administración	20 de outubro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3:Formación do profesorado no uso dos elementos	Dirección e profesorado	31 de decembro de 2022	- Equipos informáticos operativos.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

Pedagogía: apoios e recursos						
3. OBXECTIVO (1):	Creación e uso de aula virtual				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Utilización por parte de profesorado e alumnado					
Valor de partida (3)	Aula virtual sen crear					
Valor previsto e data (4)	75% de uso por parte de profesorado e alumnado			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Creación da aula virtual	Administración e Dirección	31 de decembro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Formación do profesorado e alumnado no uso	Dirección e profesorado	31 de marzo de 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Pedagogía: apoios e recursos						
4. OBXECTIVO (1):	Renovación páxina web				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Renovación diseño da web					
Valor de partida (3)	Web actual					
Valor previsto e data (4)	Web renovada			31 de decembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Creación da nova web	Dirección	31 de decembro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de mellora		Finalidade
1	Mellorar a conectividade Wifi do todo o centro.	Mellorar a calidade da docencia no centro
2	Renovar dixitalización das aulas en todo o centro.	Mellorar a calidade da docencia no centro
3	Mellorar a páxina web do centro	Mellorar a calidade da transmisión de información
4	Creación da plataforma aula virtual	Mellorar a calidade da docencia no centro

4. Avaliación do plan

Para avaliar o PD realizarase:

- Unha **avaliación procesual** unha vez o trimestre no que se valorará: estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha **avaliación final** ao finalizar o curso académico no que se valorará: a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital do centro estará dispoñible na páxina web do centro.